

elas. Estableceranse unhas rutinas como marco de referencia para desenvolver as actividades que se van realizar durante as sesións, posto que os nenos e nenas se senten máis seguros cando coñecen o ambiente en que se moven. As actividades que se realicen deben ser atractivas para as nenas e nenos, facendo que se sintan integrados ao tempo que intenten potenciar as súas destrezas orais. Ademais repetiranse con certa frecuencia ao comezo da sesión, para reforzar o aprendido, e ao final dela, para insistir nos novos termos.

Tratarase de poñer en práctica un ensino integrado no cal se aborden todos os aspectos que inflúen no desenvolvemento das alumnas e dos alumnos nos eidos expresivo, psicomotor, social e intelectual, de tal xeito que as aprendizaxes se complementen entre si, para tratar de facilitar a súa asimilación por parte do alumnado, de xeito que a primeira lingua estranxeira non será unha materia illada, senón que terá que estar relacionada co resto das materias.

Deste xeito, a variedade e riqueza das experiencias que lle pode achegar a escola permitiránlle prepararse para a súa inserción na actual sociedade plural.

O obxectivo estará centrado no achegamento das nenas e dos nenos a unha nova lingua e cultura. A linguaxe debe ser entendida como unha capacidade que o alumnado debe desenvolver e que debe estar dirixida á comunicación. Por isto, entendemos que, na liña do tratamento integrado das linguas ou do meu primeiro portfolio, tanto a lingua estranxeira como as linguas ambientais deben desenvolverse paralelamente nesta etapa, xa que a primeira, segunda e terceira linguas conviven, nótrense e retroaliméntanse nun contexto de completa normalidade. Cómpre construír todas as linguas baixo un mesmo marco conceptual, polo que os obxectivos e contidos da lingua estranxeira quedan integrados na área Linguaxes: comunicación e representación a través da comunicación oral.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 346/2009, do 9 de xullo, polo que se dispón o cesamento como presidente do Consello de Dirección do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia de Guillermo Rojo Sánchez.

De conformidade co establecido no artigo 12 dos estatutos do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, por transcurso do

período de tempo para o cal foi nomeado e por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta na súa xuntanza do día nove de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-O cesamento como presidente do Consello de Dirección do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia de Guillermo Rojo Sánchez, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, nove de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 347/2009, do 9 de xullo, polo que se nomea como presidenta do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a María Patrocinio Morrondo Pelayo.

De conformidade co establecido no artigo 12 dos estatutos Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, escoitados os reitores e presidentes dos consellos sociais das universidades integradas neste consorcio, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día nove de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Nomear presidenta do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a María Patrocinio Morrondo Pelayo.

Santiago de Compostela, nove de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria